

Durante os períodos de vacacións non estarán vixentes as medidas relativas ó réxime de visitas.

Sen imposición de custas.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación que se interporá por escrito perante este mesmo xulgado no termo de cinco (5) días desde a súa notificación.

Así por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, o pronuncio, mando e asino.

Seguen sinaturas e rúbricas.

E para que conste e lle sirva de cédula de notificación en forma a Manuel Hermida Gómez, na actualidade con domicilio descoñecido, expido esta cédula, que asino na Coruña o doce de novembro de dous mil dous.

A secretaria xudicial  
Rubricado

### **XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Xuízo de faltas (75/2001).*

Número de identificación único: 15078 2 0300364/2001.  
Auto 75/2001.

En Santiago de Compostela o nove de setembro de dous mil dous.

Feitos.

Primeiro.-O día 31 de maio de 2002 este xulgado dictou sentenza no presente xuízo de faltas o contido da cal consta en autos.

Segundo.-Notificada a dita sentenza a Francisco Muñiz Blanco dentro do prazo legal, solicitou que se aclarasen os extremos expostos no escrito presentado neste xulgado con data do 20 de agosto de 2002.

Razoamentos xurídicos.

Único.-Examinados os autos e comprobado o erro ou omisión padecido, procede aclarala sentenza no sentido interesado, de conformidade co disposto no artigo 267 da LOPX.

Parte dispositiva.

Debo aclarar e aclaro a sentenza antes citada no sentido de fixar como indemnización por tódolos conceptos a cantidade de 49.399,21 euros á que hai que engadi-la cantidade de 4.229,44 euros do 10% de factor de corrección correspondente ós días de curación e secuelas, o que fai un total de 53.628,65 euros. Lévese testemuño desta resolución ós autos, quedando o orixinal no libro de sentencias e trala que se refire.

Esta resolución é firme e contra ela non cabe recurso ningún.

Así o acorda, manda e asina Leonor Castro Calvo, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número tres de Santiago de Compostela e o seu partido. Dou fe.

Rubricado

### **XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA**

*Cédula de notificación de sentenza  
(273/2002).*

Jaime Balado Yáñez, secretario xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño que nos autos seguidos perante este xulgado do social, tramitados baixo o número 273/2002 contra a empresa *Infersa Galicia, S.A.* sobre salarios, dictouse a seguinte sentenza:

«A Coruña, 6 de novembro de 2002.

Milagritos Evangelina Belso Sempere, maxistrada-xuíza substituta do Social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo nº 273/2002, seguidos por instancia de Honoris González Armesto, maior de idade, representado e asistido por José Luis Muruzábal Arlegui, contra a empresa *Infersa Galicia, S.A.*, que non comparecen nos autos e o Fondo de Garantía Salarial, representado e asistido pola letrada Emma Pérez Díez del Corral, sendo o obxecto da reclamación, salarios.

Seguen feitos e fundamentos xurídicos.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta por Honoris González Armesto contra a empresa *Infersa Galicia, S.A.* e o Fondo de Garantía Salarial, e debo condenar e condeno a esta a que lle aboe ó demandante a cantidade de 2.665,05 euros, por tódolos conceptos reclamados na demanda, coa absolución do Fogasa, xa que ningunha responsabilidade o alcanza nesta instancia.

Notifíqueselles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra a referida só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contados a partir da notificación desta sentenza, e no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta, deberá ó anuncio, entrega-lo xustificante acreditativo de consignación de cantidade de 150,25 euros na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no BBV desta cidade, co número de conta 5603 clave 65, facendo constar no ingreso o número do expediente.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronuncio, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación á empresa *Infersa Galicia, S.A.* que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino esta cédula na Coruña, 6 de novembro de 2002.

O secretario xudicial  
Rubricado

*Cédula de notificación de sentenza  
(575/2002).*

Jaime Balado Yáñez, secretario xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e